



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

*Listaxe definitiva de admitidos e nomeamento do tribunal do proceso selectivo de promoción interna da praza de Enxeñeiro (A1) por concurso - oposición.*

#### ANUNCIO

**LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E NOMEAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, DA VACANTE DE ENXEÑEIRO (A1) INCLUÍDA NA OEP ORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CARBALLO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO – OPOSICIÓN.**

**EXPEDIENTE: 2023/E001/000007 – ENXEÑEIRO.**

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1558/2023 de 15 de xuño de 2023 aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna, da vacante de Enxeñeiro (A1) incluída na OEP Ordinaria de 2022 do concello de Carballo, mediante o sistema de concurso – oposición:

“Á vista do anterior e rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, de conformidade co establecido na Base Sétima da convocatoria (Admisión de aspirantes), ao non existir aspirantes excluídos/as e en uso das competencias legalmente atribuídas,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna, da vacante de Enxeñeiro (A1) incluída na OEP Ordinaria de 2022 do concello de Carballo, mediante o sistema de concurso – oposición.

#### Admitidos/as:

APELIDOS	NOME	DNI	CELGA
FACAL FARIÑA	JOSÉ MANUEL	***9781**	SÍ

**Segundo.-** Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Oitava da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Alfredo Garrote Pazos

Arquitecto – Xefe da Área de Urbanismo do Concello de Carballo

Suplente: Francisco Manuel Moreda Gil

Arquitecto do Concello de Ribadeo

Vogal 1:

Titular: María Pilar López Pérez

Técnica de Cultura do Concello de Foz.

Suplente: Susana Mariño Lorenzo

TAX – Xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo

Vogal 2:

Titular: Rafael Posse Fernández

Xefe do Servizo de Sistemas e Soporte, Deputación de A Coruña

Suplente: Pablo Fuentes López

Xefe do Departamento Novas Tecnoloxías para a Mobilidade, Concello de A Coruña

Vogal 3:

Titular: Ana María Portela Torrón

Responsable da Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre

Suplente: Sonia Machín Herranz

Axente de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre

Secretaria:

Titular: Carlos Collazo Martínez

TAE – Xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria do Concello de Carballo

Suplente: Carmen del Río Rodríguez

TAX – Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo

**Terceiro.-** Convocar a todos os membros do tribunal para a sesión constitutiva e a valoración de méritos da fase de concurso que terá lugar o venres 23 de xuño do 2023 ás 9:00 horas, no Salón de Plenos sito no 2º andar da Casa do Concello, sita na Praza do Concello, S/N, Carballo.

**Cuarto.-** Convocar aos aspirantes admitidos/as para a celebración dos exercicios da fase de oposición que terá lugar o venres 23 de xuño de 2023, no Salón de Plenos sito no 2º andar da Casa do Concello, sita na Praza do Concello, S/N, Carballo.

- Primeiro exercicio, exercicio teórico – práctico: ás 11:30 horas.
- Segundo exercicio, proba específica de coñecemento da Lingua Galega: non é necesaria. (acreditase posuír o nivel de CELGA esixido).

De acordo coa Base Décima da convocatoria,

**PRIMEIRO EXERCICIO:** Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo máximo de dúas horas un exercicio teórico-práctico, a elixir de entre 2 propostos polo tribunal, relacionados co Anexo que se achega as bases da convocatoria, sen que os dous supostos poidan versar sobre unha mesma materia das encadradas no temario anexo.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos, e será preciso acadar unha puntuación mínima de 30 puntos para superalo.

Neste exercicio valorarase a sistemática na planificación e formulación de conclusións, o coñecemento das funcións para desempeñar, o adecuado manexo da lexislación aplicable e a claridade na aplicación. No mesmo poderán ser formuladas preguntas específicas, de contido teórico, relativas aos extremos sobre dos que verse o suposto.

Para realizar este exercicio os aspirantes poderán facer uso dos textos normativos que consideren oportunos, sempre que non se trate de libros de desenvolvemento teórico, ou comentados, admitíndose, non obstante, os compendios normativos con pequenos comentarios e xurisprudencia asociada.

**Quinto.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de edictos e anuncios da sede electrónica do concello de Carballo e na páxina web municipal.

En Carballo, 15 de xuño de 2023

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2023/4836